

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SALCEDA DE CASELAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE USO DO LOCAL DE ENSAIO MUNICIPAL.

En data de 24 de abril de 2015 o Pleno do Concello acordou aprobar inicialmente o Regulamento de uso do local de ensaio municipal de Salceda de Caselas. Ao abeiro do establecido no artigo 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), someteuse o expediente a información pública por prazo de trinta días hábiles, mediante a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia nº 87 do 11 de maio de 2015, e máis no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para o seu exame e presentación de reclamacións e alegacións.

Ao non terse presentado ningún tipo de reclamación ou alegación o Regulamento enténdese definitivamente aprobado, publicándose para o seu xeral coñecemento o texto íntegro do mesmo; entrando en vigor unha vez publicado enteiramente o seu texto no BOP e así que transcorra o prazo de 15 días hábiles ao que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

De conformidade co establecido nos artigos 10, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e 107.3 da Lei 30/92, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, contra o presente acordo, os interesados unicamente poderán interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sá correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partires do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

REGULAMENTO DE USO DO LOCAL DE ENSAIO MUNICIPAL DE SALCEDA DE CASELAS

ARTIGO 1. OBXECTO

1. O presente regulamento ten por obxecto establecer as condicións de uso das instalacións e do material do local de ensaio municipal existente na zona das Riveiras, en Salceda de Caselas.



O local de ensaio ten como obxectivo facilitar un espazo para o ensaio musical aos grupos e solistas do Concello de Salceda de Caselas.

ARTIGO 2. DESCRICIÓN E FUNCIONAMENTO

1. O local de ensaio é un equipamento que o Concello de Salceda de Caselas pon gratuitamente á disposición dos grupos musicais, asociacións e solistas existentes no termo municipal coa finalidade de facilitar e dotar de calidade os seus ensaios musicais.

2. A finalidade única deste local é a de servir como local de ensaio das artes musicais.

O horario de apertura determinarase pola concellaría competente en materia de cultura en función das necesidades dos grupos solicitantes.

ARTIGO 3. SOLICITUDE DE USO

1. Os/as interesados/as no uso do local de ensaio do Concello de Salceda de Caselas deberán presentar unha solicitude en instancia formalizada no Rexistro Xeral do Concello. A solicitude irá subscrita por un representante do grupo que pretenda usar as instalacións e nela indicarán os datos identificativos dos membros do grupo e as necesidades de horario.

Aos efectos de outorgamento da autorización, a Concellaría de Cultura poderá recadar canta información lle sexa de interese ao respecto.

2. As solicitudes de utilización do local de ensaio deberán ser presentadas con un mínimo de dúas semanas de antelación, co fin de axustar tal solicitude aos horarios de ensaio.

3. O/a representante do grupo ou solista interesado na utilización do Local de ensaio do Concello de Salceda de Caselas deberá ser maior de idade. No caso de que todos os membros do grupo fosen menores de idade deberá representalos unha persoa maior de idade que se fará responsable de todos os seus actos e que os avalará nas súas decisións.

4. Poderán solicitar o uso do local:

- Os grupos pertencentes a algunha Asociación do Concello de Salceda de Caselas.
- Os grupos non pertencentes a ningunha asociación que teñan un mínimo do 50% de compoñentes empadroados no Concello de Salceda de Caselas.
- Os/as solistas empadroados/as no Concello de Salceda de Caselas.

ARTIGO 4. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E CRITERIOS DE AUTORIZACIÓN DE USO

1. Os/as interesados/as na utilización do local de ensaio deberán obter a autorización da Concellaría de Cultura con carácter previo.



2. A Concellaría competente en materia de cultura creará modelos normalizados de solicitude e autorización de uso do local de ensaio.

3. As solicitudes de reserva para a utilización das instalacións estableceranse do seguinte xeito:

— Antes da entrada en funcionamento do local abrirase un prazo de 15 días naturais para que os interesados poidan presentar as súas solicitudes.

— A Concellaría de Cultura elaborará o calendario inicial coas solicitudes feitas.

— En caso de coincidencia en datas e horarios por máis dun grupo, convocarase a estes grupos para intentar repartir os horarios entre eles. En caso de non chegar a acordo farase a asignación por sorteo.

— Despois da entrada en funcionamento do local, as solicitudes iranse atendendo segundo dispoñibilidade do local, outorgando os permisos a Concellaría de Cultura.

A Concellaría de Cultura poderá revisar os horarios e reestruturar o calendario de utilización das instalacións en función das novas solicitudes e dos horarios dispoñibles.

4. O tempo de cada ensaio por parte dun grupo terá unha duración máxima de 4 horas diarias e un máximo de 8 horas semanais.

5. A Concellaría de Cultura entregará ao representante do grupo solicitante unha autorización do uso das instalacións indicadas, na que figurarán os seus datos identificativos e os días e horas nas que está autorizado ao uso do local. Esta autorización deberá ser conservada polo grupo mentres empreguen as instalacións.

6. O local de ensaio do Concello de Salceda de Caselas non poderá ser utilizado como domicilio social dos grupos ou entidades, nin constituír o lugar permanente de realización das súas actividades.

ARTIGO 5. ACCESO ÁS INSTALACIÓNS

1. Para acceder ás instalacións no horario establecido os usuarios deberán dispor da pertinente autorización.

2. A primeira visita ás instalacións será realizada coa supervisión de responsables do Departamento de Cultura, co obxecto de realizar o recoñecemento das mesmas. Nesa mesma visita farase entrega da chave do local ao responsable do grupo ou solista autorizado.



3. Antes do inicio de cada sesión de ensaio comprobarase o estado do local e do material, e en caso de identificar calquera dano ou incidencia, este deberá comunicárselle á Concellaría de Cultura polo representante do colectivo.

ARTIGO 6. RESPONSABILIDADE DOS GRUPOS E OBRIGAS DOS SOLICITANTES

1. O uso das instalacións do local de ensaio do Concello de Salceda de Caselas implicará a aceptación das normas que rexen o seu funcionamento.

2. En ningún caso poderá destinarse o uso do local de ensaio a fins ou obxectivos que fosen diferentes dos autorizados.

3. Só poderán acceder ás instalacións as persoas autorizadas e os membros do grupo. Queda prohibido o acceso ás instalacións de persoas alleas, sen prexuízo de autorización puntuais de acceso, previa comunicación e autorización da concellaría competente en materia de cultura.

4. Son obrigas dos usuarios do local de ensaio as seguintes:

— velar pola súa limpeza e orde, deixando as dependenzas no mesmo estado en que se atoparon.

— respectar os horarios e dependencias asignadas. Para o caso de que un grupo non acudise ao local de ensaio no día e na hora na que se lle autorizou o uso en máis de tres ocasións consecutivas ou en máis de seis nun mesmo trimestre sen xustificación, perderá a preferencia no uso da instalación.

— non sacar material pertencente ao local de ensaio fóra do mesmo.

— recoller, unha vez rematado o ensaio, o local e o material para o seu uso polo seguinte grupo. Extremarase o coidado na manipulación do material e desconectarase da rede eléctrica o material que estivese conectado.

— non fumar, consumir bebidas alcohólicas ou comer no local de ensaio.

— asistir ás xuntanzas de coordinación e de seguimento periódico que se convoquen dende a Concellaría competente en materia de cultura.

— Facer como mínimo unha actuación ao ano para o Concello de xeito gratuito, de acordo coa programación do Departamento de Cultura, con obxecto de dar a coñecer as agrupacións ou solistas en público.



ARTIGO 7. RÉXIME SANCIONADOR

1. O incumprimento das obrigas establecidas neste regulamento dará lugar á tramitación do correspondente procedemento sancionador, que implicará a perda do dereito ao uso do local ou á imposición, no seu caso, da sanción que corresponda das tipificadas neste regulamento.

2. As infraccións ao presente regulamento clasifícanse en:

a) Infraccións moi graves:

— O impedimento do uso do local de ensaio de Salceda de Caselas por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

— A obstrución grave e relevante do normal funcionamento do local de ensaio de Salceda de Caselas.

— Os actos de deterioración grave e relevante das instalacións, equipamentos e material do local de ensaio de Salceda de Caselas.

— As perturbacións relevantes que afecten de maneira grave, inmediata e directa ao funcionamento do local de ensaio de Salceda de Caselas.

b) Infraccións graves:

— A obstrución ao uso do local de ensaio de Salceda de Caselas por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

— A obstrución do normal funcionamento do local de ensaio de Salceda de Caselas.

— Os actos de deterioración das instalacións, equipamentos e material do local de ensaio de Salceda de Caselas que non teñan o carácter de graves.

— As perturbacións que afecten ao funcionamento do local de ensaio de Salceda de Caselas.

c) Infraccións leves: terán a consideración de infracción leve os actos consistentes na obstrución ao uso ou ao normal funcionamento do local de ensaio de Salceda de Caselas, na deterioración das instalacións, equipamentos e material e as perturbacións do seu funcionamento de escasa entidade e que non poidan cualificarse de graves ou moi graves.

3.—As infraccións tipificadas no parágrafo anterior levarán aparelladas as seguintes sancións:



a) As infraccións moi graves serán sancionadas con multa de 1.500,01 euros a 3.000,00 euros e a perda do dereito a usar o local de ensaio de Salceda de Caselas durante 24 meses.

b) As infraccións graves serán sancionadas con multa de 750,01 euros a 1.500,00 euros e a perda do dereito a usar o local de ensaio de Salceda de Caselas durante 12 meses.

c) As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 750,00 euros e a perda do dereito a usar o local de ensaio de Salceda de Caselas durante 3 meses.

4.—Graduación das sancións:

As sancións graduaranse atendendo á concorrencia das seguintes circunstancias:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A natureza dos prexuízos causados.

c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando así se declarase por resolución firme.

5.—Procedemento sancionador e órgano competente.

O exercicio da potestade sancionadora pola comisión das infraccións tipificadas nesta ordenanza axustarase ao regulado no R.D. 1398/1993, do 4 de agosto, aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

O órgano competente para a imposición de sancións é a Alcaldía, sen prexuízo das delegacións de competencias que legalmente poidan efectuarse.

6. Os usuarios do local de ensaio responderán dos danos causados no local ou ao material existente no mesmo, sen prexuízo da imposición das sancións a que haxa lugar.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente e publicado o seu texto íntegro e transcorrido o prazo establecido no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Salceda de Caselas, 22 de xuño de 2015.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

